LETRAS GALEGAS 08

SEMANA CULTURAL

RAMON PIÑEIRO

Naceu na aldea lucense de Armea, no concello de Láncara, un 31 de maio de 1915, hai agora noventa e catro anos.

Cando entrou na escola, aos seis anos, xa o seu pai lle ensinara a ler, escribir e a sumar, restar, multipicar e dividir.

Á idade de nove anos abandona a súa aldea natal e vai estudar a Lugo onde fai o bacharelato, estableceéndose, aos quince, na vila de Sarria como oficinista dun importante comercio da localidade.

De volta á capital continúa os estudos de bacharelato superior ao tempo que particpa activamente na política galega.

En Santiago de Compostela comeza, depois de rematada a guerra española, a súa carreira universitaria que continuará en Madrid cos estudos de Filosofía.

Con trinta e cinco anos e un grupo de amigos decide fundar a Editorial Galaxia, sendo el o seu director.

Nesta editorial imprimiranse os tres volumes de Piñeiro adicados á saudade do pobo galego.

O 25 de novembro de 1967 ingresou na Real Academia Galega. Xa no ano 1983 é elexido Presidente do Consello da Cultura Galega.

Ramón Piñeiro faleceu na cidade de Santiago no ano 1990.

os xornalistas

IRENE,
FERNANDO,
ANA,
ESTEBAN e
BLANCA

INTELIXENCIA ARTIFICIAL

SENÉN BARRO.
Doctor en Ciencias Físicas pola USC. Catedrático de Ciencia da Computación e Intelixencia Artificial e investigador responsable do Grupo de Sistemas Intelixentes da USC. Reitor da Universidade de Santiago.

O dezanove de maio, veu ao colexio Senén Barro, rector da universidade.
Senén, explicounos que a intelixencia artificial fabrícase e que aínda que non o creamos, dende un neno pequeno ou un bebé ata o intelixentísimo Leonardo da Vinci, todos nós posuímos intelixencia porque, para aprender a falar necesítase moita intelixencia pero para deseñar un avión na Idade Media tamén.
Os seres vivos temos intelixencia natural e, en cambio un robot ou calquera outro aparello inventado polo home ten intelixencia artificial.
Logo mostrounos un vídeo no que aparecía un robot levando café ou subindo escaleiras que son cousas moi fáciles para nós pero moi difíciles para un robot en cambio xogar xenial ao xadrez para nós é moi complicado e para un robot é o máis sinxelo.
A continuación falou de computadores e calculadores e díxonos que, antes os calculadores eran máis grandes ca unha sala de cine e que agora miles de calculadores atópanse dentro dun aparello chamado "chip".
Logo mostrounos por fotos a primeira calculadora do mundo e a súa evolución. E díxonos que, se os automóbiles evolucionaran tanto como os calculadores un coche da marca "Ferrari" valería menos dun céntimo e cun euro de gasolina sería suficiente para ir e volver a Lúa dúas veces.
Ao final fixemos preguntas e rematouse a conferencia.